

A BESTA HUMANA

[Jean Renoir, 1938]

03

ESTREA EN NUMAX: 20.03.2015

FICHA TÉCNICA

A besta humana (La bête humaine, 1938, 101')

Dirección e guión: Jean Renoir, a partir da novela de Émile Zola

Imaxe: Curt Courant e Claude Renoir

Montaxe: Suzanne de Troeye e Marguerite Houlet Renoir

Son: Robert Teissere

Dirección de arte: Eugène Lourié

Vestiario: Laure Lourié

Música: Joseph Kosma

Intérpretes: Jean Gabin, Simone Simon, Fernand Ledoux, Blanche Brunoy, Gérard Landry, Julien Carette, Jean Renoir, Jacques Becker

Produción: Paris Film (Francia)

Distribución: Classic Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.37:1

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

O río [The River, 1951]

A regra do xogo [La règle du jeu, 1939]

A grande ilusión [La grande illusion, 1937]

O crime de Monsieur Lange [Le crime de Monsieur Lange, 1936]

Toni, 1935

Boudu salvado das augas, 1932

SINOPSE

Baseado no clásico da novela que escribiu Émile Zola, *A besta humana* de Jean Renoir foi un dos meirandes éxitos populares do seu director e fíxolle ao seu actor protagonista, Jean Gabin, un óco para sempre nos corazóns dos seus paisanos. Entre o realismo poético e o film noir, este filme é unha inmersión afervoadada e intrigante na axitada mente dun traballador.

«Jean Renoir case sempre mellora a novela»

André Bazin



A BESTA HUMANA

[Jean Renoir, 1938]

Extracto de 'Ma vie et mes films' Jean Renoir (2005)

N'A *besta humana*, a rodaxe dos planos de Gabin e de Carette nunha locomotora de verdade deu un resultado excelente. Para as escenas rodadas nesa máquina, só tiven que empregar transparencias unha vez. Foi no plano en que Gabin se suicida tirándose desde o tendido eléctrico co tren a toda máquina. E porque non lle podía pedir a Gabin que se tirara de verdade. El dicíame mentres preparabamos a escena: «Mira que se a película se atranca na cámara vaiche cumprir que o repita. E para iso precisasme vivo». Esas palabras tiñan decididamente todo o sentido. Houbo que contentarse con que se guindara desde un tendido de mentira e batera ao aterrar nun montón de colchóns.

Estas tomas en directo das escenas de ferrocarril eran ademais moi perigosas. A SNCF¹ empréstáranos dez kilómetros de camiños de ferro sobre os que podíamos arrincar ou parar o tren á vontade. Por tras da máquina enganchamos un vagón plataforma co noso xenerador eléctrico para a iluminación. Aínda por tras desta plataforma ía pegado un vagón para maquillaxe e para que os actores repousaran entre as súas quendas. Cando decidín rodar con toda esta impedimenta a xente revirábaseme. Lembrábanme que a toma de vista en transparencia estaba tan perfeccionada que era imperceptíbel a diferenza coas tomas en directo. Pero eu seguía profundamente convencido da influencia dos decorados na interpretación dos actores. Menos mal que me impuxen. Nunca xamais Gabin e Carette terían sido tan de verdade diante dunha transparencia, de se ter guiado só polos rúidos para se comunicaren.

Os operadores foron Curt Courant e o meu sobriño Claude Renoir. Curt Courant era un home miúdo, seco e lixeiro, un auténtico pesopluma. En calquera momento, o vento que zoaba infernal no noso estudio con rodas levábanolo canda el. En moitas tomas tiven que collelo entre os brazos para que as correntes non nolo varreran.

Claude arranxou unha pequena plataforma no lateral da locomotora e

instalouse nela con non me lembro que trebello. O trebello saía un pouco por fóra e ao entrar nun túnel esnaquizouse todo. Claude alporizouse pero deulle tempo a guindarse fóra e poñerse a salvo.

A *besta humana* reafirmoume no meu desexo de realismo poético. A masa de aceiro da locomotora convertíase na miña imaxinación na alfombra voadora dos contos orientais. Zola, remexéndose na súa tumba, axudoume moi poderosamente a porfiar. A súa novela está ateigada de fermosas pasaxes de poesía popular. Cito: Séverine e Jacques Lantier quedaron para verse na praza Batignolles. É o seu primeiro encontro. É tanta a emoción de Jacques Lantier que non é quen de articular palabra. Cun sorriso debuxado, Séverine dille: «Non me mires así, vas estragar os ollos». Isto non ten importancia, mais dá para pensar. Esta poesía déronma as locomotoras, os escapes de vapor, as vías mortas, ou mellor, déronlla aos actores para metelos na pel do seu rol mellor que calquera explicación².

¹ Société Nationale des Chemins de Fer é a RENFE francesa [N. do T.]

² Renoir, Jean; *Ma vie et mes films*; Champs arts; Flammarion; Paris; 2005; pp.124-125

MATERIAIS

NA NOSA LIBRARÍA

Mi vida y mi cine. Jean Renoir
Akal, 2001

Ma vie et mes films. Jean Renoir
Flammarion (Champs Arts), 2008.

Jean Renoir. Ángel Quintana
Cátedra, 1998.

La bestia humana. Émile Zola
Capitán Swing, 2010.

Jean Renoir, períodos, filmes y documentos.
André Bazin. Paidós, 1999.

¿Qué es el cine? André Bazin
Rialp, 2014

Boudu salvado de las aguas. Jean Renoir (DVD)
Toni. Jean Renoir (DVD)

La regla del juego. Jean Renoir (DVD)

Elena y los hombres. Jean Renoir (DVD)

French Can-Can. Jean Renoir (DVD)

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org